



XUNTA DE GALICIA

Observa_Acción

Programa de formación.



CURSO 2022/2023



CEIP Manuel Sueiro



ÍNDICE

1. Introducción.	Páx. 003
2. Breve descrición do traballo desenvolvido en formación e innovación nos últimos anos.	Páx. 003
3. Xustificación para o curso 2022/2023.	Páx. 006
3.1. Motivación para participar.	Páx. 006
3.2. Liñas de traballo actuais.	Páx. 007
3.3. Contexto educativo.	Páx. 008
3.4. Participación en actividades de divulgación.	Páx. 009
4. Participación.	Páx. 009
4.1. Equipo directivo	Páx. 009
4.2. Docentes.	Páx. 009
4.3. Porcentaxe de participación.	Páx. 010
5. Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais.	Páx. 010
5.1. Premios.	Páx. 010
5.2. Experiencias.	Páx. 011
5.3. Participación en proxectos institucionais.	Páx. 012
6. Anexos.	Páx. 013
6.1. Guía de observación. Guía de observación docente (inter-pares).	Páx. 013
6.2. Guía de observación. Guía de observación do alumno/a.	Páx. 015
6.3. Horario de observación.	Páx. 016



Proxecto de participación no programa "OBSERVA_ACCIÓN 2022-2023"

I Introducción.

O CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro de Ourense atópase situado nas aforas da cidade, no barrio de As Lagoas. cun 75% de alumnado en situación desfavorecida e deste 75%, un 20% é de etnia xitana.

Esta circunstancia fai que un dos nosos obxectivos sexa o de darlle visibilidade a esta convivencia diaria e motivar aos nenos e nenas a través de proxectos integrais. Todos eles/as participan nas actividades programadas para todo o alumnado, sen que os docentes fagamos distinción entre os alumnos/as.

A posibilidade de que outros/as docentes observen e coñezan a nosa labor e a nosa realidade, e ao mesmo tempo, nós podamos observar circunstancias ben diferentes á nosa, é o que nos move a participar neste programa OBSERVA_ACCIÓN.

No curso 2019-2020, presentamos a solicitude de participación neste programa, non acadando a valoración precisa para ser seleccionados. Aínda así, nós traballamos segundo a proposta do programa durante ese curso e o 2020-2021.

II.- Breve descrición do traballo desenvolvido en formación e innovación nos últimos anos.

- **PFPP:**

- 2019/2020. - TACs, currículo e biblioteca: Innovando

- **Grupo de Traballo, liña 7:** Dinamizamos o centro a través da arte.

- Grupo de traballo: Adiantándonos a EDIXGAL

- 2020/2021. - Webs dinámicas ao servizo da biblioteca.

- **Grupo de traballo, liña 7:** Dinamizamos o centro a través da reciprocidade no coidado.

- Grupo de traballo: Preparándonos para unha aprendizaxe ubicua.

- Diferentes formas de comunicación para a inclusión

- 2021/2022. - TACs, currículo biblioteca: Ferramentas web

- Grupo de traballo: Traballando pola ubicuidade da aprendizaxe.



* Os grupos de traballo liña 7, sinalados en negra, corresponden aos desenvolvidos de cara ao programa OBSERVA_ACCIÓN.

• **Seminarios de formación:**

- "TICs, currículo e biblioteca: Webs dinámicas" (2014/2015).
- "TICs, currículo e biblioteca: Web 2.0" (2015/2016).
- "TACs, currículo e biblioteca: Novas metodoloxías" (2017/2018).
- "TACs, currículo e biblioteca: Google e REA" (2018/2019).

• **Plan Proxecta:**

- Aliméntate ben
- Milla diaria
- PVAD (Xogade).
- Meteoescolas
- Recíclate con SOGAMA

• **Seccións Bilingües:** Participantes no programa de xeito ininterrompido dende o curso 2010/2011 ata o 2021/2022, contando sempre con auxiliar de conversa.

• **Centro Plurilingüe:** Incorporámonos a rede de centros Plurilingües no curso escolar 2020/2021.

• **Plurinfantil:** incorporación ao Programa Plurinfantil no curso escolar 2022/2023.

• **E-DIXGAL:** incorporación ao Programa Edixgal no curso escolar 2019/2020.

• **Club de Letras:** participación en dúas edicións, no curso escolar 2019/2020 e 2020/2021.

• **Clubs de Lectura:** participación nos cursos 2021/2022 e 2022/2023.



A **consecución dos obxectivos propostos**, ao inicio de todos e cada un dos proxectos e programas nos que participamos, tal e como consta nas memorias elaboradas e enviadas ao departamento correspondente, acadáronse maioritariamente, en especial, aqueles implicados directamente no desenvolvemento do programa OBSERVA_ACCIÓN.

A **implicación do Claustro** é do 100% en moitas das actividades de formación e innovación, reducíndose noutras que afectan a áreas máis concretas, tal como a área de inglés, pero contando co apoio de todo o profesorado do centro e implicación do Equipo Directivo.

As **conclusións e avaliación** deste proceso ao longo do tempo, resúmese en que ao traballar en grupo os resultados acadados son moito mellores grazas ás achegas enriquecedoras de todos os membros do mesmo.

Entendemos que fomentar o traballo colaborativo entre docentes baseado en aprendizaxe por proxectos (ABN) é un método de traballo altamente beneficioso para desenvolver competencias clave e valorar a observación entre iguais e diferentes como ferramenta fiable para a avaliación do alumnado e autoavaliación do propio docente.

O alumnado traballa a gusto de xeito creativo e colaborativo na súa aula, observando o traballo doutros compañeiros/as e desfrutando da observación doutros do seu propio traballo, de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á colaboración doutras aulas nos proxectos. É moi importante que a produción de calquera recurso sexa contrastada na aula e sexa accesible para todo o mundo e desde calquera lugar, de aí que coloquemos todos os recursos no espazo web do centro.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa do claustro de mestres do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.



III.- Xustificación para o curso 2022/2023.

1. Motivación para participar.

Intereses

Unha vez iniciados nesta metodoloxía e posta en práctica, como xa mencionamos en apartados anteriores durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021, cremos chegado o momento de seguir afondando nela.

Mostra do noso interese, está no grupo que segue poñendo o seu esforzo a prol deste proxecto. Nos cursos xa mencionados, eramos catro mestres/as os que formabamos parte del. Agora somos un menos por mor da xubilación dunha das mestras.

Pensamos que si seguimos coa nosa teima, entendendo que a observación e posterior posta en marcha das aprendizaxes é unha das mellores ferramentas de cara á mellora do proceso ensino-aprendizaxe, conseguiremos involucrar a unha boa parte do claustro, que xa ve de xeito positivo a nosa metodoloxía de traballo e toma conciencia de cara ao futuro da educación.

Obxectivos

Como amosamos na **Introdución**, somos un centro de arredor de 100 alumnos/as, dunha soa liña, cunha idiosincrasia moi particular.

En ocasións, o feito de levar adiante as actividades de formación que nos permitan coñecer ferramentas para axudar ao noso alumnado, nos leva a esquecer outras metodoloxías e xeitos de traballar, sen ter en conta que metodoloxías diferentes tamén poden ser válidas noutros contextos sociais e escolares.

O noso obxectivo principal é o de coñecer realidades diferentes que podamos aplicar no noso centro escolar: Centro das aforas da cidade, dunha provincia de interior, dunha liña, alumnado desfavorecido, de capacidades moi diversas.

Observando docentes, alumnos/as de diferentes contextos sociais, a priori, moi distintos ao noso centro educativo, é posible que podamos **atopar modelos METODOLÓXICOS que nos permitan mellorar a nosa intervención nas aulas**, co único fin de mellorar a aprendizaxe e a integración na sociedade dos nosos alumnos/as.

Necesidade de realizar a observación.

Como explicamos no apartado anterior, a necesidade de observación inter-pares e inter-centros, chega despois dunha **fonda reflexión** na que chegamos á conclusión de que ás veces estamos tan pechados na realidade do noso centro, como por outro lado, non pode ser doutro xeito, e esquecemos que hai outras realidades tan válidas e que tanto nos poden enriquecer a nivel profesional e por extensión a nivel persoal, e que incidirán moi positivamente nos nosos alumnos/as, por extensión, as súas familias e como as ondas na auga, cheguen á sociedade.

Unha vez **creada a necesidade**, queremos, dentro das posibilidades dos tres docentes que formamos o grupo, **animar e estender** ao resto do claustro esta metodoloxía, co fin de darlle **continuidade no tempo**, máis alá dos dous cursos de inicio, facendo desta metodoloxía un xeito cotiá de traballo.

E toda vez ilusionado o grupo docente do centro, informar a toda a comunidade educativa dos beneficios das nosas propostas de traballo, nas que cremos e defendemos.

2. Liñas de traballo actuais.

No curso escolar 2022/2023 temos en funcionamento 4 itinerarios de formación.

- ***Traballando a prol da ubicuidade da aprendizaxe.*** Relacionado coa liña de traballo nº 68 (competencia en innovación e investigación).
- ***Implementando o Plan Dixital.*** Relacionado coa liña de traballo nº 66 (competencia dixital).
- ***Mindfulness inclusivo.*** Relacionado coa liña de traballo nº 69 (competencia en educación inclusiva e coeducación).
- ***Tacs, currículo e biblioteca.*** Relacionado coa liña de traballo nº 67 (competencia didáctica).

Se ben é importante destacar que o itinerarios soamente se relacionan cunha liña por mor da configuración da aplicación fprofe tendo en conta que o programa de formación Observa_Acción relacionarémolo co itinerario 1 e 4.



3. Contexto educativo.

Na actualidade, o centro segue unha liña de innovación e formación que ten continuidade ao longo do tempo, tal e como se describe no apartado II deste proxecto.

Ademais das liñas de traballo amosadas no punto 2 deste apartado, os tres mestres integrantes deste proxecto, de **xeito oficioso**, están elaborando e actualizando este 1º trimestre **GUÍAS DE OBSERVACIÓN** e o Equipo Directivo os **HORARIOS** para adecuar o programa de observación. A piques de rematar este traballo, poñerémolo en práctica nos 1º e 3º trimestres.

A observación desenvolverase nas áreas, cursos e especialidades indicadas neste proxecto, centrado na aprendizaxe baseada en proxectos. Irá arredor do PDI de centro adicado á Axenda 2030 por un desenvolvemento sostible, titulado "MERGÚLLATE NO OCÉANO MÁIS AZUL CO SUIERIÑO".

Ademais do material facilitado pola Biblioteca Escolar do centro e os materiais de elaboración propia, contamos coa colaboración do CEIDA que nos prestará a exposición "Coidando o noso mar" e a Maleta Mariñeira "Explorando os océanos". Tamén utilizaremos os Cadernos Verdes que SOGAMA ten a disposición de todos nós.

As actividades de observación levaranse a cabo nas sesións de lingua estranxeira en E.I, na área de plástica en 4º E.P., na sesión de ciencias naturais en 1º E.P. e na área de plástica en 6º E.P. Deste xeito quedan incluídos alumnos/as de cada un dos ciclos de E.P. e E.I., así como as tres linguas do centro, inglés, galego e castelán.

Queda patente o interese nesta metodoloxía de traballo dos mestres/as implicados, xa que no seu tempo de lecer, de forma non oficial e sen saber se o noso proxecto acadará a valoración precisa para ser incluído de forma oficial no proxecto, xa está traballando e actuando conforme a el.

* Incluimos as **GUÍAS DE OBSERVACIÓN** xa elaboradas e os **HORARIOS** nos que desenvolveremos a observación, pendentes da revisión final e da resolución desta convocatoria.

4. Participación en actividades de divulgación.

A biblioteca escolar, base de exploración: Aumentando a realidade, diminuindo as diferenzas. VIII Xornadas de BE (Santiago de Compostela 01 e 02 de decembro de 2017).

IV.- Participación.

1. Equipo directivo:

- Director: D. José Manuel Rego García.
- Secretario: D. Norberto Blanco Dorrió.

2. Docentes:

- **D. José Manuel Rego García.** Especialidades: 31 (Ed. Infantil); 36 (Pedagogía Terapéutica); 38 (Ed. Primaria) e 60 (Educación Especial Pedagogía Terapéutica). No curso escolar 2022/2023 imparte a especialidade de Educación Primaria en 6º curso nas materias de Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura e Educación artística: Plástica.

- **D. Norberto Blanco Dorrió.** Especialidades: 22 (Ciencias da Natureza); 23 (Matemáticas); 27 (Educación Física: 1º ciclo da ESO); 34 (Educación Física); 36 (Pedagogía Terapéutica); 38 (Ed. Primaria) e 60 (Educación Especial Pedagogía Terapéutica). No curso escolar 2022/2023 imparte a especialidade de Educación Primaria en 1º curso nas materias de Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Proxecto Competencial.

- **Dña. Mª Pilar Iglesias Gómez.** Especialidades: 22 (Ciencias da Natureza); 23 (Matemáticas); 25 (Lingua estranxeira: inglés 1º ciclo da ESO); 32 (Lingua estranxeira: inglés); 38 (Ed. Primaria) e 67 (Lingua galega). No curso escolar 2022/2023 imparte a especialidade de Lingua estranxeira: Inglés na etapa de Educación Infantil e na etapa de Educación Primaria e a Educación Artística: Plástica en 4º de Educación Primaria.



3. Porcentaxe de participación

A porcentaxe de participación é do 15% aínda que a implicación e o apoio do profesorado é do 100€ do claustro docente.

V.- Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais.

PREMIOS:

- **Premios nacionais:**

- **Premio nacional, categoría A**, convocado polo Exército de Tierra **"De Base a Base y leo porque me toca"**. (Curso 2021/2022)

- **1º premio** en actividades e material didáctico no concurso convocado polo Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente **"100 años de parques nacionales"**. (Curso 2015/2016)

- **Premios autonómicos:**

- Premio rexional convocado polo Exército de Tierra, **"Si fuera fácil, leerían otros"**. (Curso 2020/2021)

- Proxecto de excelencia programa Meteoescolas: **"Os meteorólogos do Sueiro dan o tempo"**

- Proxecto de excelencia programa Meteoescolas: **"Meteoarte"**

- Proxecto de excelencia programa Meteoescolas: **"Temporal nas illas, calma en terra"**.

- 1º premio categoría infantil, XIV Concurso mejor periodista infantil y juvenil convocado por La Voz de Galicia.

- Finalistas no VII Certame convocado polo Colexio Oficial de Xoiaría, modalidade infantil.

- Finalista no proxecto **"Ciencia que conta"** convocado pola Universidade de Vigo, co relato **"Néfele, a raíña das nubes"**

- **Premios provinciais:**

- Gañadores do concurso escolar da Constitución española convocado pola subdelegación do goberno: curso 2017/18, 2015/2016, 2014/15, 2013/14
- 1º premio "Crea o teu xornal", organizado polo xornal La Región
- Finalista no Concurso Falando de soliedaridade convocado polo CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía.

• **Premios locais:**

- 1º premio concurso de postais do colexio de economistas, cursos 2018/19, 2017/18, 2015/16, 2014/15
- Círculo Poético Ourensano: Finalistas no curso 2017/18, 2016/2017, 2015/16, 1º premio curso 2014/2015
- 1º e 3º premio do programa "Ourense sabe acoller" convocado polo concello de Ourense.
- Diploma da XXVI Exposición San Martiño convocada pola sociedade filatélica, numismática e vitolfílica Miño
- 1º premio "Un selo para Ourense" convocado pola concellería de educación de Ourense e Correos. (Curso 2014/15)

EXPERIENCIAS:

- Programa Domingos en Festa promovido pola agrupación folclórica ourensá Queixumes dos Pinos. (Curso 2016/17)
- Encontros de teatro escolar e amateur de Bande. (Participación durante máis de 10 cursos académicos)
- Programa Ourencanto, promovido polo Conservatorio de música da cidade e o concello de Ourense. (Curso 2018/2019)
- II concurso musical infantil convocado pola Diputación provincial de A Coruña. (Curso 2016/17)

PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS INSTITUCIONAIS:



- Concurso de pintura infantil y juvenil convocado por Patrimonio Nacional na súa XXXI edición, con el proyecto "Santa María La Real de Las Huelgas". (Curso 2021/2022)
- Programa-concurso PILABOT, convocado pola xunta de Galicia. (Curso 2018/19)
- Programa "Chefs saudables", convocado pola consellería de Sanidade. (Curso 2017/18)
- XV edición Rebumbio Matemático, convocado pola AGAPEMA



ANEXOS:

GUÍAS DE OBSERVACIÓN:

GUÍA DE OBSERVACIÓN DOCENTE. (INTER-PARES)

Observador:

Docente:

Curso:

Data:

INICIO DA ACTIVIDADE

	SEMPRE	BASTANTE	POUCO	NUNCA
O/A docente é puntual				
Ten preparada a disposición da aula e os recursos necesarios				
Saúda aos alumnos/as na lingua na que se desenvolve o proxecto				
Estrutura a clase en relación cos obxectivos propostos na programación da sesión				
Comproba os coñecementos previos sobre o tema a tratar				
Verifica a comprensión dos coñecementos				



DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

	SEMPRE	BASTANTE	POUCO	NUNCA
Inicia a sesión dun xeito sorprendente para captar a atención dos alumnos/as				
Permite interrupcións do alumnado				
Usa as preguntas dos nenos/as como método de aprendizaxe				
A información do docente segue os obxectivos plantexados de inicio				
Domina os tempos e é flexible cos mesmos				
Os alumnos/as confían no seu mestre/a				
Presta atención ás manifestacións xestuais dos alumnos/as				
Móvese pola aula e entre os nenos/as				
Usa todos os recursos preparados de inicio				
Usa material de apoio				
Cumpre os obxectivos propostos para a sesión				

PECHE DA ACTIVIDADE

	SEMPRE	BASTANTE	POUCO	NUNCA
Encamiña aos alumnos/as cara á seguinte sesión				
Avalía a sesión cos alumnos/as				
É quen de autoavaliarse dexeito crítico				



GUÍA DE OBSERVACIÓN DO ALUMNO/A

Observador:

Alumno/a:

Curso:

Área:

Data e hora:

	SEMPRE	BASTANTE	POUCO	NUNCA
É puntual á entrada da aula				
Trae o material axeitado enecesarío				
A postura na clase é a correcta				
Está atento ás explicacións do mestre/a				
Acepta as instrucións e correccións o docente de bo grado				
Pregunta dúbidas ao mestre/a				
Traballa de xeito individual				
Axuda aos compañeiros/as queo precisan				
Participa de forma activa na clase				
Está atento ás explicacións				
Remata as tarefas no tempo estipulado				
Interrompe o traballo dos demais				
É autónomo á hora de realizar o traballo				
Desenvolve o traballo acorde coas súas capacidades				
Mantén unha boa relación co mestre/a				
É líder no traballo grupal				
É quen de autoavaliarse de xeito sincero				
Necesita estímulo continuo				



HORARIO DE OBSERVACIÓN:

	D. José Manuel Rego García (6º EP)	D. Norberto Blanco Dorrío (1º EP)	Dna. Mª Pilar Iglesias Gómez
D. José Manuel Rego García		Martes 2º hora. CCNN (1º EP)	Martes 4º hora. Inglés en 4º Educación Infantil.
D. Norberto Blanco Dorrío	Venres 5º hora. Ed. Plástica 6º EP.		Xoves 2º hora. Inglés en 5º Educación Infantil.
Dna. Mª Pilar Iglesias Gómez	Xoves 1º hora. Lingua Castelá 6º EP.	Mércores 1º hora. CCNN (1º EP).	

Ourense a 22 de novembro de 2022.

O director.

Asdo: José Manuel Rego García.